

# Concello de Mondariz

Expediente núm.: 297/2019

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Contratacóns Patrimoniais

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Á vista de que este Concello é propietario do ben de dominio público coas seguintes características:

Denominación do ben:	"Praia do Ceo"
Naturaleza:	Rústica
Naturaleza dominio	Dominio público/uso público
situación	Praia Fluvial de O Ceo (Mondariz) - dentro do Polígono 51, parcela 47 (referencia catastral 36030A051000470000MR)
Superficie	344 m <sup>2</sup>

Visto acordo plenario de 26 de novembro de 2016 polo que se acorda: "inscribir no inventario de bens municipal o terreo denominado "Praia do Ceo" en "Bienes inmuebles de natureza rústica" referencia catastral 36030A051000470000MR, polígono 51, parcela 47, coa delimitación que se indica no plano "situación esquemática Praia do Ceo".

Suuperficie: 344 m<sup>2</sup>

Clasificación urbanística: Solo rural de protección de augas

Linderos: Oeste: Concello.

Este: Concello

Norte: M<sup>a</sup> Lourdes Bernárdez Barros.

Sur: Río Tea."

Tendo en conta que en data 17 de xaneiro de 2019 (rexistro de entrada nº 151) tivo lugar a renuncia por parte de Dona M<sup>a</sup> José Alen Faro á xestión do quiosco da Praia fluvial do Ceo, estando polo tanto, a día de hoxe sen actividade.

Visto informe técnico municipal emitido o 10 de abril de 2019 respecto da explotación privativa do citado ben de dominio público.

Considerando a conveniencia de realizar unha concesión administrativa do uso privativo do Quiosco sito na paria do Ceo de Mondariz, cunha superficie total construída aproximada de 30,00 m<sup>2</sup>, polos seguintes motivos:

Conseguir mediante a actividade de Quiosco prestar ós usuarios da Praia do Ceo, durante todo o ano, un servizo necesario e propio das áreas recreativas que favorezca o ocio e o esparcemento da ciudadanía.

A superficie construída aproximada de 30,00 m<sup>2</sup> do citado Quiosco sito nun ben de dominio público suxeita a concesión administrativa de uso privativo destinarse a:

Instalación do servizo de Quiosco na Praia Fluvial do Ceo de Mondariz.

Visto o informe de secretaría de 10 de abril de 2019 sobre lexislación aplicable e procedemento a seguir, para proceder á concesión administrativa de uso privativo proposta do quiosco da Praia fluvial do Ceo cunha superficie aproximada de 30,0 m<sup>2</sup> sobre o citado ben



## Concello de Mondariz

---

de dominio público mediante réxime de concorrencia conforme ao disposto na Lei 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio de las Administraciones Públicas.

Considerando que a parcela na que se instala o quiosco constitúe un ben de uso público conforme ó disposto no artigo 3 do Regulamento de Bens das Corporacións onde a utilización da espazo destinado a cafetería constitúe un uso privativo do dominio público conforme ó artigo 85 da Lei de Patrimonio das Administracións Públicas e artigo 75 Regulamento de bens das corporacións locais, de xeito que se limita ou exclúe a utilización do mesmo por outros interesados.

Resultando que o artigo 86 da LPAP dispón que o uso privativo dos bens de dominio público que determine a súa ocupación con obras ou instalacións fixas deberá estar amparado pola correspondente concesión administrativa cuxo outorgamento efectuarase en réxime de concorrencia.

Resultando que en data 10.04.2019 incoouse o procedemento de licitación mediante concesión demanial do quiosco sito na Praia fluvial de O Ceo de Mondariz mediante concesión demanial por un prazo de cinco anos, prorrogable por outros dous, segundo o artigo 93 e seguintes da Lei 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas, mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación e tramitación ordinaria fixando como tipo de licitación o canon anual que resulte do procedemento de licitación e que partirá de 1.200,00 €/anuais.

Resultando que conforme o artigo 9 da LCSP se atopan excluidas de dita lei, e entre outros, as autorizacións e concesións sobre bens de dominio público, que se regularán pola súa lexislación específica salvo nos casos en que expresamente se declaren de aplicación as prescripcións da presente Lei. Non obstante dita exclusión é de carácter parcial, na medida en que a propia norma sinala a súa aplicación supletoria para todo aquello non previsto na normativa específica: “*Las relaciones jurídicas, negocios y contratos citados en esta sección quedan excluidos del ámbito de la presente Ley, y se regirán por sus normas especiales, aplicándose los principios de esta Ley para resolver las dudas y lagunas que pudieran presentarse*”-

En aplicación do disposto no artigo 26 en relación co artigo 25 da LCSP as autorizacións sobre ben de dominio público ten carácter privado se ben “*se regirán, en cuanto a su preparación y adjudicación, en defecto de normas específicas, por las Secciones 1.<sup>a</sup> y 2.<sup>a</sup> del Capítulo I del Título I del Libro Segundo de la presente Ley con carácter general, y por sus disposiciones de desarrollo, aplicándose supletoriamente las restantes normas de derecho administrativo o, en su caso, las normas de derecho privado, según corresponda por razón del sujeto o entidad contratante. En lo que respecta a su efectos, modificación y extinción, estos contratos se regirán por el derecho privado*

Neste senso o artigo 110 da LPAP dispón “*1. Los contratos, convenios y demás negocios jurídicos sobre bienes y derechos patrimoniales se regirán, en cuanto a su preparación y adjudicación, por esta ley y sus disposiciones de desarrollo y, en lo no previsto en estas normas, por la legislación de contratos de las Administraciones públicas. Sus efectos y extinción se regirán por esta ley y las normas de derecho privado.*” e o artigo 78 RB determina que as concesións outorgaranse previa licitación, con arranxo aos artigos seguintes e normativa reguladora da contratación das Corporacións locales polo que será de aplicación supletoria a LCSP.

O contrato se adxudicará polo procedemento aberto con varios criterios de adxudicación á mellor oferta calidade-prezo e tramitación ordinaria.

No expediente consta o prego de cláusulas administrativas particulares, prego de prescripcións técnicas, informe xurídico de Secretaría sobre os pregos de data 11 de abril. Non se precisa informe de fiscalización xa que a aprobación do expediente non implica gastos.

E por isto polo que esta Alcaldía, como órgano de contratación segundo a disposición adicional segunda da LCSP, **RESOLVE**



# Concello de Mondariz

---

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de licitación mediante concesión demanial do quiosco instalado na Praia fluvial de O Ceo en Mondariz, mediante concesión demanial por un prazo de cinco anos, prorrogable por outros dous, segundo o artigo 93 e seguintes da Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, Lei 33/2003, do 3 de novembro mediante procedemento abierto con varios criterios de adxudicación e tramitación ordinaria fixando como tipo de licitación o canon anual que resulte do procedemento de licitación e que partirá de 1.200,00 €/anuais.

PRAIA FLUVIAL DO CEO	SUPERFICIE	CANON ANUAL MINIMO
QUIOSCO	30,00 m2	1.200,00 €

**SEGUNDO.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e prego de prescripcións técnicas que rexirá a concesión.

**TERCEIRO.-** Abrir a fase de licitación mediante publicación de anuncio no BOP de Pontevedra e no perfil do contratante integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público <https://www.contrataciondelestado.es>.

**CUARTO.-** Publicar na plataforma a resolución de incoación, informe técnico de valoración da concesión e prego de cláusulas administrativos, prego de prescripcións técnicas, anuncio e a presente resolución.

**QUINTO.-** Designar como responsable do contrato de concesión demanial coas funcións recollidas nos pregos e na normativa vixente aplicable á arquitecta técnica municipal.

Así o acorda, manda e asina o Sr. Alcalde, en Mondariz, na data que figura ao marxe deste documento asinado electronicamente, do que eu, Secretaria, dou fe.

